



Santi Riveiro, xornalista de EL CORREO, recibe o primeiro Premio Cegasal

“Vós, altamente capacitados con diversidade funcional, sodes exemplares”

Santiago. A Asociación Empresarial Gallega de Centros Especiales de Empleo sin Ánimo de Lucro (Cegasal) celebrou onte no Gran Hotel Los Abetos de Santiago a entrega de galardóns do seu I Premio de Periodismo á Mellor Información de Economía Social e a inauguración dunha exposición fotográfica.

Nesta gala foi distinguido cun premio de 1.000 euros o xornalista de EL CORREO GALLEGO especializado en economía Santi Riveiro, quen nas súas verbas de agradecemento afirmou: “Vós, profesionais altamente capacitados con diversidade funcional, sodes exemplares. Non eu”.

Nunha loa ao periodismo tradicional de tomar notas cun boligrado, des-

tacou que “aos xornalistas non nos gusta ser protagonistas, especialmente os da prensa escrita, unha especie en vías de extinción”.

No seu discurso, Riveiro recordou a Charles Dickens na obra *Historia de dúas cidades* para reflectir a aparente contradición que supón escribir sobre “a recuperación, todo o bo da macroeconomía que non dá chegado de todo á microeconomía”.

“Era o mellor dos tempos, era o peor dos tempos, a idade da sabedoría, e tamén da loucura; a época das crenzas e da incredulidade; a era da luz e das tebras...”.

Por outro lado, tamén foron galardoados Manuel Barral, do diario *La Opinión de A Coruña*, e Ana Fuentes, de *Atlántico Diario*, dous profesionais que recibiron un premio de 500 euros.

O acto, conducido por Marga Pazos, contou coa participación do conselleiro de Economía. **V. ROJAS**



O xornalista Santi Riveiro, no centro. Foto: Antonio Hernández

De hecho, y a diferencia